



CONCELLO DE CHANTADA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (por avocación)

Expediente Procedemento:	G0643/2022 Actividades.-Ampliación de horario peche establecementos
Motivo:	Festas Patronais 2022
Zona afectada.	Establecementos de hostalería do municipio
Inicio:	De oficio.

ANTECEDENTES:

-Expediente.-Festas Patronais de organización municipal.

XUSTIFICACIÓN:

A celebración das Festas Patronais como no resto dos municipios é considerada a manifestación mais importante dende o punto de vista festivo, relixioso, lúdico, de conservación das tradicións dun pobo. Nese sentido o Concello, como organizador, considera que preservando estas costumbres, tradicións e tamén de fomento, esta celebración supón unha achega importante ao proceso de desenvolvemento económico e social de tódolos sectores do municipio de Chantada polo que se entende xustificado o aumento de horario no peche dos establecementos durante estas celebracións, tendose fixado incluso como un dos festivos locais do municipio o martes día 30 de agosto, derradeiro día das festas patronais e festa da empanada.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

—Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

—Los artigos 39 a 46 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

—Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

—O Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro.

—A Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

—O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

-Ordenanza Municipal en Materia de Ruídos.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: T JF5ESXWIK3K3PLEMM7X2DAMTX | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE CHANTADA

Visto o establecido no artigo 9 e seguintes da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal, ou para zonas concretas do mesmo, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do entroido e de Semana Santa e Nadal, **facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica, concretamente a ordenanza municipal de aplicación en materia de ruídos.**

De acordó con todo o indicado **RESOLVO**:

PRIMEIRO.-Avocar, de acordo co artigo 10 da Ley 40/2015, para este suposto concreto a competencia da Alcaldía delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto 2019-0277 de data 02/07/2019, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.-Ampliar o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público comprendidos entre os epígrafes que se mencionarán e nas datas que se sinalarán, **en dúas horas**, facéndose en todo momento compatible dita ampliación coas normas vixentes en materia de contaminación acústica e coas demais normas que atinxen aos horarios de peche, desaloxo e as súas condicións.

Epígrafes do Catálogo para os que se autoriza: (Decreto 124/2019 do 5/09/19, DOG 195 do 14/10) (Orde do 23/10/2020. DOG 219 do 30/10)	III.2.5.-Establecementos de restauración. III.2.7.-Establecementos de ocio e entretemento.
Días da Ampliación do Horario	Noite do día 26 ao día 27 de agosto de 2022 Noite do día 27 ao día 28 de agosto de 2022 Noite do día 28 ao día 29 de agosto de 2022 Noite do día 29 ao día 30 de agosto de 2022 Noite do día 30 ao día 31 de agosto de 2022

TERCEIRO.-Dese conta desta Resolución á Policía Local do Concello de Chantada e publíquese aos efectos oportunos de coñecemento polos afectados e dese conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebre.

Mándao e asíno o alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, en Chantada na data da sinatura dixital, do que eu, Secretario accidental, dou fe e certifico.

O ALCALDE Acc.

O SECRETARIO, Acc.

Asdo. Manuel Diéguez Carballo

Asdo. Jesús A. Ledo Cores

(documento asinado dixitalmente á marxe)

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: T JF5E SXW H GK3 P L E M M T X 2 D A M T X | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2